




Decembro de 2008. Liber nº 38

Comezou a conta atrás...



IES Auga da Laxe - Gondomar
Biblioteca
<http://bibliolaxe.blogspot.com>
Curso 2008/09

► **Philippe Nessman, *Todas as respostas ás preguntas que nunca te fixeches*, Faktoría K de libros.**

Un volume que ofrece resposta e solución ás preguntas máis insólitas e inesperadas. Para lectores curiosos que queiran saber máis sobre o mundo que nos rodea.

► **Debbie Silver, *Lo que tú puedes hacer para salvar la tierra*, Lóquez Ediciones.**

Un libro para crear conciencia ecolóxica, con información, recomendacións e consellos prácticos sobre como coidar o ambiente.

► **Francisco Mora, *El científico curioso*, Temas de Hoy.**

Un libro ameno que reflexiona sobre cuestións e curiosidades científicas relacionadas co cerebro e a evolución humana.

► **Alan Brown, *Las religiones del mundo*, Elfos.**

Esta guía ilustrada responde moitas preguntas. Nela os nenos presentan as súas reflexións e explican en que cren, en que consiste a súa práctica relixiosa, como viven e que festas celebran. Deso maneira lógrase unha visión amena da diversidade das relixións, das súas semellanzas e das súas diferenzas. Un libro que defende o respecto polas crenzas doutras persoas.

► **Daniel Pennac, *Mal de escola*, Xerais. Premio Renaudot 2007.**

Este ensaio, de enorme éxito en Francia, fala da escola e da educación desde a perspectiva dos malos estudantes, combinando testemuños autobiográficos e reflexións pedagóxicas arredor do tema do fracaso escolar e da dor de ser un mal estudante.

► **Naomi Klein, *No logo, el poder de las marcas*, Paidós.**

Unha especie de manifesto revolucionario e mordaz contra o poder das supermarcas e a escravitude do consumidor.

► **Naomi Klein, *La doctrina del shock*, Paidós.**

É a historia non oficial do libre mercado. Dende Chile até Rusia, dende Sudáfrica até Canadá, a implantación do libre mercado responde a un programa de enxeñaría social e económica que Naomi Klein identifica como “capitalismo do desastre”.



LITERATURA XUVENIL

► **Agustín Fernández Paz, *O único que queda é o amor*, Xerais.**

Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008.
Un delicioso libro de relatos que nos leva polo mundo do amor e polo mundo dos libros e da palabra.

► **Fernando Marías, *Zara y el librero de Bagdad*, S. M.**

Premio Gran Angular 2008.
Un escritor recibe unha mensaxe de Max, un vello bastante excéntrico que quere contarlle a súa experiencia na Guerra Civil Española. Mentres le o manuscrito de Max, coñece a Zara, unha nena que vén de fuxir da guerra de Iraq.

► **Paula Carballeira, *Contatrás, Positivas*.**

Un libro de poemas sorprendente, divertido, sobre as viaxes (en tren, en barco, en avión, en nave espacial), sobre os soños e as ilusións. *Xoguemos a ser xigantes, así o mundo non será tan grande.*

► **Ana Alonso / Javier Pelegrín, *El secreto de If*, S.M.**

Premio Barco de Vapor 2008.
Unha historia fantástica sobre a busca da liberdade nun reino máxico.

► **Carlo Frabetti, *Los jardines cifrados, Lengua de trapo*.**

O protagonista da nosa historia coñece no Museo do Prado a Pedro e Elena, que gardan unha relación misteriosa. Coa axuda do seu amigo F. (antigo profesor seu de Matemáticas), investiga a súa relación cunha seita, a dos iluminados. Esta investigación levaraos á probabilidade, aos anagramas de Galileo e Kepler, aos cadrados máxicos, ao teorema do punto fixo, aos números infinitos non numerables...

► **Lola Gándara, *A escura luz do Tíber, Rodeira*.**

Baixo o mandato do emperador Nerón como marco de fondo, a mociña Marcia vains relatando os momentos de alegría, inocencia e dor que se combinan na súa vida. Descubrirá a amizade, a xenerosidade, a forza da fe e, por fin, o amor da súa vida.

► **Lucy e Stephen Hawking, *La clave secreta del universo*, Montena.**

Unha novela que propón un viaxe fantástica polo sistema solar, nun intento por levar unha visión científica do cosmos ás novas xeracións.

+ LITERATURA

► **Juan José Millás, *Los objetos nos llaman*, Seix Barral.**

Contos breves repletos de humor e ironía.

► **Miguel Anxo Murado, *O soño da febre, Galaxia*.**

Un conxunto de historias sorprendentes presididas pola pantasma da febre, como metáfora ou como soño. A febre en relación coa xeografía, a literatura, a música e o devir da historia.

► **Banana Yoshimoto, *Kitchen*, Rinoceronte Editora.**

Unha historia intimista sobre a amizade protagonizada por Mikage, una moza que atopa na cociña o seu espazo de acougo e paz. Unha novela que nos permite achegarnos á obra dunha das escritoras xaponesas máis relevantes, xunto con Haruki Murakami.

► **Guillermo Martínez, *La muerte lenta de Luciana B.*, Destino.**

Dez anos despois non queda nada en Luciana da moza alegre e sedutora á que o famoso escritor Kloster lle ditaba as súas novelas. Tralas mortes trágicas primeiro do seu noivo e logo, un a un, dos seus seres máis queridos, Luciana vive aterrorizada, vixiando cada sombra, cada persoa que pasa ao seu lado, coa sospeita de que esas mortes non poden ser casuais, senón parte dunha vinganza metódica urdida contra ela, nun círculo ao seu redor que só se pechará co número sete.

► **Jean Grono, *El hombre que plantaba árboles*, Torre de viento.**

Árbores, árbores e árbores. Este belo relato de Jean Grono transmítenos a importancia de vivir entre árbores.

► **Yoko Ogawa, *La fórmula preferida del profesor*, Funambulista.**

«Unha historia de amor, amizade e transmisión do saber...». Auténtico fenómeno social en Xapón que desatou un inusitado interese polas matemáticas.

UNHA NOVELA GRÁFICA

► **Shaun Taun, *Emigrantes*, Barbara Fiore Editora.**

Unha novela gráfica para achegarnos, sen palabras, ao mundo da emigración, á historia de tantos homes e mulleres que nun momento das súas vidas buscaron outros camiños.

